

“A desfeita”

Un reo moi inocente

Ramón Díaz Raña

- “Teña presente a súa Reverencia que se lle acusa de ser un estragador do Patrimonio”

Máis dunha noite, desas en que o sono me levaba de paseo por “de profundis” e me facía ver o subconsciente, matinei que me arrastraban ao xulgado para responder das desfeitas e mordidas que lle din ao edificio do mosteiro e arredores. A acusación era esa. A sentenza aínda non saíu. Intentarei explicarme para que se me rebaixe a pena e teñades compaixón deste pobre inocente.

Cando cheguei a Sansa había que bailar a muiñeira cos defuntos antes de pedir para eles o “*requiescat in pace*”; antes do repouso pacífico no campo santo había que dar unha volta polo medio e outra polo arredor. Primeiro, pasando pola praza, metelos na igrexa; despois volver á praza e dar toda a volta para caer no cemiterio. Un mareo para os pobres defuntiños. Por iso decido derrubar parte do muro que, subindo por cabo das escaleiras do Rosario, chegaba ata a parede do mosteiro. Alí en algún tempo houbera un portón de entrada, que agora estaba tapiado con cachotaría. Abrimos o paso con algo de medo, pois o esquinal da casa mirábanos de esguello e amosaba unhas regañas de non boa presenza. Tiñamos desconfianza que se movera a parede ao non contar co reforzo da muralla; pero pasaron máis de corenta anos e non teño noticia de que sucedera nada. Si recuerdo que non foi doado escangallar o muro; o cal e a area estaban tan vivas e queríanse tanto que nin co pico as podíamos separar. Alguén nos explicou que cando dous elementos naturais se mesturan collen máis cohesión co paso do tempo; non pasa así co cemento, e tampouco co casoiro. (Claro que neste caso, os elementos si son naturais, pero non se mesturan). Derrubamos o cargadeiro e a macheta de cantería que pegaba coa casa; a outra macheta desfixémola anos máis tarde (1985) cando levantamos a base do hórreo. Metemos tubos ao longo de todo o edificio para esconder as augas limpas e sucias, que ata daquela tomaban o sol ao aire libre indo a modiño por un cano. Por riba tiramos uns camións de grava e area.

Margarita Sánchez, en Estudios Mindonienses, n.30 pax. 171 di o seguinte:

No remate do edificio e en liña case recta, o valado da horta feito en cachotaría seguía desde a liña norte da igrexa e a sur do claustro, cara ó oeste, sen interrupción. Na primeira metade do século XX aínda estaba o muro enteiro e víase nel unha porta que conservaba o lintel e as machetas, mais o van estaba tapiado con pedredrexado. Hoxe o valado deixa uns metros de paso, pois se abriu espazo a un paseo que serve de acceso ó cemiterio por fóra do claustro, arrodando o convento polo lado oeste

Ofrezco gustoso este dato á querida Margarita para que a posteridade saiba con máis exactitude cando se abriu a entrada.

Para estes traballos chamei a algunha xente para que viñeran facer prestación persoal. Recordo que entre estes estaba **Lano dos Feás**, home de grandes ocorrencias. Nun momento de descanso, e vendo que todos valoraban positivamente este novo paso, di: “*Pois eu creo que a esta había que chamarlle La Calle del Cura*”. Os fríos sorrisos aprobaron a medias a proposta. Eu, ríndome tamén e apoiado no raño, engado: “*Non ... é mellor chamarlle A Rúa dos Mortos*”. Tampouco fixo moita graza; por iso a cousa quedou así e creo que aínda hoxe segue sen bautizar. Pero Lano non tardou en comprobar que eu non ía mal encamiñado, pois logo pasou por alí o seu padriño **Atilano** (el ía, pero levado por catro). Recoñezo que a miña proposta soaba mal por calquera lado que se mirara. Para xente infectada da diglosia soa moito mellor calle que rúa, e non digamos cura que mortos. Ademais, tremenda ignorancia a miña por poñer como propietarios aos mortos sabendo como sabía que non teñen personalidade xurídica para tales efectos.

A xente celebrou esa nova entrada cara ao cemiterio; pero está claro que para abrir houbo que derrubar. Todo o mundo se estrañou que ninguén tivera antes esa idea. Precisamente aos poucos días estaba eu rematando detalles e cadrou de pasar por alí Margarita Wirtz, quen dixo: “*Ai! ... D.Ramón ... pero que bien queda esto. Parece una avenida. Y como no se nos habrá ocurrido antes!!*”. Eu díxenlle medio en broma: “*Pois verá ... tivo que vir un argalleiro de Lugo*”. Ela non me entendeu; falabamos idiomas distintos. Respondinlle así porque non había moitos días que **Enmita de Torina** me dixerá: “*Claro ... tu falas gallego porque eres de Lugo*”. Que a cousa ten o seu aquel e xa está de sobra estudado este modo de pensar con relación á nosa lingua. Con respecto á nova entrada o comentario xeral era: “*Isto ten xeito, e non ir dar a volta á praza*”. O cemiterio levaba feito uns trece anos. Por iso xa pasaran uns cantos co baile da muiñeira antes de repousar.

Xunto con isto (e nese mesmo tempo de 1971 – 72) está a obra que fixen no edificio na esquina norte que da ao cemiterio. Nesta desfeita xa non me sinto tan inocente, a non ser que a palabra neste caso significara o mesmo que tontiño. Hoxe cáeme a cara de vergoña, pero teño que tragar o sapo. En descarga de parte da culpa pido que nos situemos nos comezos da década dos setenta do século pasado. Daquela iso do patrimonio soaba a chino. Confeso a miña ignorancia, de aí o de tontiño. Foi responsabilidade miña total, xa que non consultei a ninguén. Pero non podó non recoñecer os motivos que se deron. Había alí unha parte vella que era un perigo. Estaba sen fiestras e sen teito. Este, ao caer, levou consigo o piso de madeira, a cheminea e a cambota da lareira. Daba medo velo desde fora e desde dentro. Soamente tiña as paredes e unhas vigas de castaño. Amañalo, imposible. Ademais facía como un martelo saíndo bastantes metros cara ao cemiterio (ata onde hoxe está a caseta de teléfonos). Para máis abundancia, a unión do tellado novo que lle puxeran á parte habitada con algo de tellado que quedaba nesta zona vella era un feo. Que ben que aparecera algunha foto daquela parte!! Eu imaxinaba o edificio do convento como un cadrado; sobre todo despois da apertura da nova entrada cara ao cemiterio; e parecíame máis fermoso.

Alí estaba a lareira do convento. Era pequena. A medida pódese calcular tendo en conta as dimensións do burro. Cando viñeron as máquinas de **Rivera Seco** realizar a desfeita, apartamos o burro (non fora morrer asfixiado), as pedras de cantería máis xeitosas e as vigas de castaño. Algunha destas leváronas os de Castro de Santa Mariña (pedíramas **Enriqueño**) para arranxos na súa casa; as mellores canterías acabou levándoas máis tarde **Milucho** para o bar churrasco “A Cabana” que estaba construíndo. En pago, nin tan sequera me convidou á apertura. Seguramente sabía que non eran propiedade de Ramón.

No meu entender esta parte do edificio era máis antiga co resto; baséome nas ventás. Soamente quedan dúas nas que se pode comprobar o que digo. O material usado na parede e nos marcos das fiestras son diferentes do resto do edificio. Quixen conservar toda a parede do poñente –onde agora están esas dúas ventás- ; na parte alta había outras dúas. Pero **Mino**, que era o director da obra xunto con **Vizoso de Piñeiros**, convenceume que acabaría caendo, que sería un perigo ao quedar sen arrimo como o bébedo no medio da praza, que era unha parede moi fea ... e terminamos derrubando á man a parte alta. As novas fiestras ideáronas **Mino** e máis **Emilio de Vigo**. Dende logo que esa cara do edificio non pode ser máis rechamante amosando tres tipos de xanelas, con tan so dúas das orixinais. Os entendidos deixamos aí a nosa marca. Pídlle a Carme e a Manolo que lle quiten unha foto para que os meus familiares de San Piriqitín de Abaixo digan convencidos: “*que tío era o noso tío!!*”

Daquela estaban de moda as ventás grandes; así entraba a calor e saía o frío, entraba o frío e saía a calor. Un divertimento para a temperatura; como tamén resulta divertido abrir moitas luces para despois poñerlle por dentro fortes cortinas que amainen a claridade. Pero as modas teñen o seu aquel cando se trata de reconstruír. Non en vano lle teño ouvido á querida **María Gavín** (desto sabe todo o que hai que saber) que, cando van reparar unhas pinturas antigas, queren que o remendo se distinga do orixinal. Non buscan que todo quede coma se non houbera pasado nada. E venme agora á memoria un preito que se deu aquí en Cáceres, hai uns cinco

anos, no que se acusaba a uns arquitectos por poñer unhas fiestras modernistas nun vello pazo que se estaba a restaurar na praza de San Mateo para o Hotel Atrio. A Xustiza admitiu as razóns dos arquitectos. Aporto todo isto na miña defensa. Como tamén digo que eu era tontiño e sen consultar metinme nesa desfeita; mais os que mandaron esnaquizar as ventás do mosteiro na parte que leva o Concello eran ben listos e entendidos e aí está o resultado. Pero seguindo o que nos di María lembro aquela lenda que corría moi graciosa cando estabamos no Seminario de Lourenzá. Din que ao irse os Monxes houbo quen entrou a saco para pillar o que atopara. Para unha casa foi parar un pergameo; e, cando houbo que pórllle a cueira a un pantalón, a costureira coseu o pergameo na cueira coa mala sorte que se podía ler “*terribilis est locus iste*”. En Lourenzá non sabían latín, por iso os cativos cando vían ao señor votábanse a correr porque eles traducían “*este loco é terrible*”, e os maiores que tiñan máis siso tamén fuxían porque temían que estoupara a bomba fétida. O pobre caeu en depresión por mor da costureira. Será un conto máis, pero cadra ben para afirmar que cada cousa ten o seu tempo e a súa circunstancia.

Con todo, aseguro que hoxe non faría as cousas así. Por iso o reo é reo; non inocente. Non fai falta pararse moito para comprobar que toda a obra está arraxada por malos aprendices. A viga do garaxe aguanta unha torre, pero sen embargo ten bailando encima as viguetas do piso; a armazón do tellado -lembro as discusións entre Mino e Vizoso que acabaron sendo acaloradas e que motivaron o enfado e a non comparecencia de Vizoso- daríalle que estudar a un arquitecto para explicar como é que non se esfargalla; desprezamos as vigas de castiñeiro, que eran de pura cerna, e puxemos un eucalipto, que nos custou suor e bágoas subilo e encaixalo. Todo unha argallada.

Para pagar a desfeita, a apertura por detrás da casa e a obra nova valinme de 75.000 pesetas que estaban depositadas no Bispado e que pertencían ao que aportara o Axuntamento, ademais da finca da Pernuda, na permuta de parte do igrexario para solar do Grupo Escolar; e outras 35.000 que dera **Manolo Pedrido** polo vello Campo Santo. Por suposto que non chegaron. Se non tivera eses cartos, a obra non se houbera feito. Sentinme rico e había que darse fachenda. Máis tarde, na parte baixa preparei como dúas habitacións pequenas. Nelas din acubillo á pobre **Avelina de Ferreira** (Vaia historia!!) e a outra parte servía para garaxe do furgón de Saraibas e do meu coche. Tamén andando o tempo abrín unha nova entrada para á casa sen ter que usar a triste e escura escaleira de profundis. A rampla da nova prepareina eu e para votar o fundido viñeron unha maña de sábado meu irmán **Alfonso** e o seu socio **Guillermo**. Despois os chanzos asenteinos eu soño, sen axuda de ninguén; traballo me custou. Colocaba tres e esperaba dous días para seguir, pois así xa me apoiaba nos anteriores. Hoxe, véndome tan cativo, non me explico como fun capaz. Se algún se escorregou, teño eu a culpa.

Fixen máis obras na casa. Deixémolas por hoxe. Tamén argallamos algo no refectorio. Durante moitos anos –parece como que lles teño ouvido que desde a década dos corenta-estivérono usando, gratis et amore, os irmáns **Manuel e Emilio Vigo** como carpintería. Morto Manuel, Emilio logo se puxo mal. Esmagábao a soidade, aínda que contaba cos esmerados coidados de **Sofía de Granado**. O sobriño, **Pepe Fernández Vigo** (Administrador de Aduanas de A Coruña), levouno para unha Residencia de Betanzos onde o visitei varias veces. Non tardou en irse para xunta Manuel. Queríanse moito. Entón, como quedara libre o local, pensei arraxalo para salón parroquial. Cambiamos de sitio a máquina combinada e fundimos o piso. Por todo ao arredor tiña unha repisa de pedregullo que, cunhas madeiras por enriba, serviría de bancada para os comensais. Estas pedras e outras máis aproveitámolas para botarlle o fondo. O que tiña era de terra. Subindo cara á cociña, á esquerda, esa repisa era máis ancha; o que me leva a pensar que alí estaría o ambón do lector. Estes traballos fixéronse entre **Ramón e Alfonso** na primeira quincena de xullo do 87.

Eu levábame moi ben cos Vigo. Con Emilio teño parolado moito. Canto me ten contado! Ensinoume, p.e. como os médicos recomendaban as samesugas para renovar o sangue; el mesmo tenas ido buscar ao río. Hai cousas en Pumariño que teñen a Emilio como informante. Máis dunha vez fun argallar xunta del coa máquina combinada. Cepillei e fixen furados nos

marcos de portas ou ventás. O ruído da máquina axudaba a despexarme a cabeza cando estaba atascado preparando algún escrito e non saía como eu quería ... Ao enfermar deu de baixa a enerxía trifásica e díxome que fixera o que me apetecera co que había no local. Merquei un motor de gasolina para a máquina, pero -que listiño fun!- so nos serviu para tronzar leña, pois para o cepillado non resultaba.

Lembro con pracer as diatribas que armaban cando se xuntaban na carpintería **Manuel Veiras**, **Manuel Pérez** (Corrás) e **Emilio**. Daría algo por ter gravado algunha daquelas discusións ás que Veiras, co seu carácter enérxico, lles daba viveza tratando de acurralar aos outros dous meténdoos en apuros para solucionar algúns problemas do seu traballo. Pérez era máis pícaro e gustaba pinchalo para velo alporizado. El, despois de pormenorizar o tema, sempre lles espetaba: “*Si ... a ver como farías ti*”. Pérez e Vigo eran máis sosegados; e coa súa pachorra acendían a Veiras. Vino algunha vez irse enfadado. Tiña fama en toda a contorna de Ferrol. Era capaz de facer as pezas máis arrevesadas para as máquinas máis complicadas. Cando me chamou para ben morrer (!!), tendo todo o sentidiño, non me lembrou nada destas diatribas e acaloradas discusións. Non as tiña como pecado. Viña sempre, xa chovera ou quentara o sol, enfundado nun traxe de augas e montado nunha moto grande; non recordo a marca, pero debía ser das primeiras que apareceron no mundo. Un perfecto astronauta.

Nos comezos da década dos oitenta quitámoslle o recebo de cal ás paredes da igrexa que dan á praza. Daquela apareceron as tres fiestras que estaban tapadas e ninguén sabía delas: dúas ao nacente e unha polo sur. Fixeron a obra os albaneis **Alfredo** e **Lito Dopico**. Foi tamén daquela cando eu lle saquei o recebo á fachada principal, e como os albaneis me prestaron os seus andamios decidinme arranxar o remate que ten a fachada no lado esquerdo arriba de todo e que –penso eu- debeu ser esnaquizado por un lóstrego. A bola caera nos claustros, pero por milagre non se escachou. O meu intento quedou inacabado porque os andamios tiveron que ir para outra obra e eu facía estas argalladas no entremedio doutras ocupacións. Os ferros que lle ían dar firmeza á restauración alí ficaron por moito tempo. **Jesús Bonino** nos cadros que pintou da fachada deixou constancia da ocorrencia. Maneiro no seu escrito (1) fai referencia a isto. El era moi amigo de Pepe, o sobriño dos Vigo, e viña con frecuencia a Sansa facéndose compañía.

E remato aquí esperando a sentenza. Noutro relato, se Deus quer, comentarei as obras do Miradoiro do Adro. Como vedes traballo non faltou. Por iso o meu veciño, **Anxo Vilariño**, que tantas veces me viu enfaenado e foi testemuña dos meus suores, díxome nunha ocasión: “*D. Ramón, de vostede podrán decir o que queiran, pero ninguén pode decir que non seña traballador*”. A frase é retorcida. Recórdoa tal como a dixo. Que cada quen lle saque o zume que lle apeteza.

TEXTO DE RODRIGUEZ MANEIRO(Voz de Galicia, 22-11-1983)

Conserva claustros, sepulcros, capiteles y bóvedas de gran valor

San Saturnino, una «joya» histórico-artística

Rodríguez Maneiro - Quizás muchos gallegos desconozcan la interesante historia de San Saturnino — en la ruta de Jubia a Moeche y Santa Marta de Ortigueira —, centrada en torno a su iglesia parroquial, en otros tiempos conventual, y al viejo monasterio anejo, por donde desfilaron tantos nobles, guerreros, monjes, clérigos y vasallos.

Un bello claustro, donde parece haberse detenido el tiempo, recios muros del que otrora fue cenobio franciscano y dominico, según los tiempos, y unos antañones capiteles, bóvedas y sepulcros son más que suficientes para que este reducto monástico sea declarado monumento histórico-artístico; evocador rincón donde los templarios tuvieron un hospital, en aquel Medievo de oscurantismo e incultura popular.

Respecto a la antigua iglesia, queda el altar mayor y presbiterio que, al parecer, data del siglo XI. El resto del templo, añadido al anterior, es posterior, del siglo XV, conservándose en perfecto estado el abovedado de piedra, que enriquece el interior de la iglesia.

La Fundación, además del templo, poseía muchos terrados de tierra de labor y todo el conjunto monástico estaba cerrado por una muralla, que se conservó intacta hasta hace poco tiempo. Hoy sólo quedan los restos, así como del molino, en el río. Igualmente, se conserva en buen estado el hórreo de piedra.

Interesante es la fuente del convento, situada en un nivel inferior, a la que se accede por una escalera de cinco tramos de diez escalones (los Misterios del Rosario). Según la tradición, los monjes la utilizaban en el rezo del mismo.

Las obras de restauración las realiza, personalmente, el párroco, don Ramón Díaz Raña, que lleva doce años al frente de su feligresía. Estudió en Roma y fue secretario del obispo de Mondoñedo, don Jacinto Argaya Goicoechea, prelado de la mencionada diócesis, hace años. Es muy frecuente encontrarlo vestido con



Vista parcial del claustro del convento de San Saturnino

traje de facna, efectuando trabajos de albañilería o de carpintería, incluso de cantería, y, últimamente, confeccionó un molde para reconstruir un adorno de la iglesia, que un rayo destruyó hace muchísimos años. De momento, el cura párroco sólo recibe ayuda de sus feligreses, agrupados en torno a él e interesados en la restauración del convento, que tradicionalmente dio personalidad, empaque y prestigio a la comarca.

San Saturnino, en la ruta de Jubia a Santa Marta de Ortigueira, con sus sesenta y pico de habitantes, del término municipal, a 58 metros sobre el nivel del mar y una superficie de 99 kilómetros, dista 72 de La Coruña. El lugar donde se alza la que fue recinto de oración, trabajo y enseñanza, invita al reposo y a la meditación. Desde él puede contemplarse un magnífico paisaje, pues la balconada allí existente es una auténtica atalaya con tierras bajas de oriente a poniente y horizontes indefinidos. Hoy, los muros conventuales son muchos testigos de cuanto aconteció en este lugar sagrado, cuando los

monjes de la España carolingia e imperial, que habitaban el cenobio, tocaban a mañanas y oraban en comunidad, cantaban gregorianos o bajaban al claustro a iniciar sus cotidianas tareas.

Pero retrocedamos en el tiempo los cuatro siglos largos que sobre San Saturnino pasaron y nos encontramos en aquella Galicia del siglo XVI. Cuatro años hacía que Isabel I había dejado de existir en su castillo de Medina del Campo, cuando Fernando de Andrade, señor en muchas leguas a la redonda proyecta fundar una casa religiosa en San Saturnino, con iglesia colegial y cinco capellanes nombrados por él. Fernando e Católica reina en España y el papa Julio II, por bula expedida en Roma, aprueba la fundación y a tal efecto, una letra apostólica dirigida por el romano Pontífice al prior del monasterio de San Juan de Cuaveiro le obliga a que el contenido de la Bula se observase y fuese puesta en ejecución. Y es en mayo de 1526 cuando Fernando de Andrade hace las Constituciones y las Ordenaciones correspondientes. Pero Juan Freire, hijo de Fernando, a la

muerte de su padre no respetó su voluntad y despidió a los capellanes, y en su lugar puso religiosos de la Orden de San Francisco, por no llegar a un acuerdo con los monjes de San Agustín, que eran sus frailes preferidos. Los franciscanos, tras haber sido reformada la seráfica orden, abandonaron el convento y se retiraron a sus conventos de origen. Después de este periodo de monacato volvieron los capellanes.

Y ocurrió que a la muerte de Juan Freire de Andrade le sucedió en la casa, quinzeno y patronato su hijo Pedro de Andrade, quien trató de sustituir los capellanes por frailes dominicos, convirtiéndolo en priorato y no en vicaría. Otorgada la escritura se estipuló que serían doce los monjes, con organistas y predicadores, los que ocupasen el convento, cuya obra aún no estaba terminada. Y como algo insólito y notable en aquellos tiempos, se estableció que entre los frailes hubiese un lector de Gramática y otro de Latín para enseñar a los hijos de los vasallos de toda la comarca y personas que no tuvieran posibilidad de desplazarse a estudiar a otros puntos más lejanos. Sucedió esto en 1570, un año antes de la batalla de Lepanto y con la anuencia del capítulo de dicha Orden en el Reino de Galicia y los priores de San Esteban, en Salamanca, San Pablo, en Valladolid, y San Pedro, en Toledo. A partir de entonces, retores, clérigos, licenciados, bachilleres, arcodianos, canónigos, nobles, caballeros y el pueblo en general desfilaban por este convento denominado del Rosario de Santo Domingo.

Vino la desamortización y el convento fue desalojado, quedando, únicamente, el prior como párroco de San Saturnino. El templo siguió abierto al culto, sin interrupción alguna, hasta nuestros días. En tanto, el convento se vino abajo y muchos años más tarde fue restaurado en parte para instalar en él las oficinas del Ayuntamiento, escuelas y rectoral.